



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E O
CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN DE GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica formalizou con Consello Regulador do Mexillón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abarcou dende o 20 de agosto de 2016 ata o 16 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia co fin de financiar os investimentos que leve esta institución sen ánimo de lucro para a promoción da marca e para garantir o seu control e trazabilidade.

As accións específicas que se realizaron derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. Control da certificación a través dunha entidade certificadora independente, que realiza a auditoría inicial de verificación do cumprimento dos requisitos dos operadores e dos produtos.
2. Mellora dos equipamentos portuarios para o control da trazabilidade.
3. Accións de promoción dos produtos da marca en feiras, así como en conferencias e charlas.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia é o organismo facultado para representar á devandita denominación, e como tal, ten o interese e deber, segundo se recolle no seu Regulamento. Así mesmo, ten como finalidade das súas actuacións a defensa e a promoción da Denominación de Orixe Protexida (en diante, DOP) así como o control e o fomento da calidade.





Así mesmo, o artigo 29 do seu regulamento indica que o Consello Regulador vixiará o movemento de mexillón non protexido ou de produtos derivados del, informando das irregularidades detectadas á Consellería do Mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso da sinatura do instrumento convencional que se pretendía, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

